

LIÑAS ESTRATÉXICAS 2022

Situación e posíbes liñas de actuación

1.- LOITA FRONTE A INVASIÓN EÓLICA. POR OUTRO MODELO ENERXÉTICO.

Contexto e perspectivas: En 2022, moitos dos proxectos eólicos en tramitación seguirán o seu curso, logo da prórroga de prazos outorgada polo Estado español ás promotoras para a consecución das declaracións de impacto ambiental e dos permisos de autorización. Deberemos manter activa a resposta administrativa de **avaliación e seguemento de proxectos** e atención a casos concretos, presentar alegacións e outorgar asesoramento, realizar charlas informativas, etc.

Porén, alén da acción reactiva, percíbese a necesidade de **alentar o debate social sobre o modelo eólico e enerxético alternativo**, a través de xornadas internas ou externas e a promoción de experiencias prácticas. É necesario **presentar unha alternativa** diante da nosa negativa ao actual modelo de implantación de enerxías renovábeis. Probablemente, en 2022, tamén comecen a agromar **parques eólicos mariños e parques solares** en Galiza diante dos que debemos expresar unha posición.

En termos de mobilización social, debemos aproveitar esta oportunidade para **activar localmente os nosos socios e socias** e ás delegacións e manter viva a actividade da **coordinadora Eólica Así Non** e as sinerxías con outros colectivos. .

Este ano tamén se presenta intenso ao respecto da **acción xudicial**. Comezarán a resolverse un bo feixe de autorizacións de proxectos eólicos, cuxa única vía de recurso é o contencioso-administrativo. Haberá que retomar con maior intensidade a actividade no seo do Fondo para a Defensa Xurídica da Cordilleira Cantábrica, así como explorar novas fórmulas para **procurar máis fondos para afronta xudicial** e establecer os criterios a seguir á hora de escoller que proxectos recorrer. Así mesmo, acudiremos a Europa para denunciar a vulneración de directivas en materia de medio ambiente e de información e participación pública e á Fiscalía para que se investigue o caso Beatriz Mato.

Propostas:

- Manter latente a mobilización social e o contacto coas plataformas afectadas.
- Activar ás socias e socios localmente.
- Aumentar os recursos para dirimir a ofensiva eólica nos xulgados.
- Incidir na denuncia perante a Comisión Europea.
- Promover o debate interno e externo sobre o modelo enerxético alternativo.
- Favorecer, no posíbel, experiencias prácticas de autosuficiencia ou soberanía enerxética.
- Afrontar internamente o debate sobre a eólica mariña e parques solares.
- Denuncia na Fiscalía caso Beatriz Mato.

2.- MONTES E FORESTAL. REPARACIÓN DO MONTE E DEFENSA DAS COMUNIDADES VECIÑAIS.

Contexto e perspectivas: Actualmente a administración galega, nomeadamente a Consellaría de Medio Rural, e o sector forestal teñen en marcha unha campaña de lavado de imaxe do eucalipto outorgándolle un carácter positivo e negando a súa esencia invasora, mesmo outorgándolle beneficios na loita fronte o cambio climático, como especie forestal especialmente sumidoira de

CO2. Están a promover nos centros de ensino charlas pro-eucalipto e pro-piñeiro que descartan calquera efecto negativo do monocultivo destas especies no noso territorio. Diante da avalancha eólica, a acción reivindicativa ecoloxistas contra o monocultivo de eucalipto viuse resentida, perdendo forza nos últimos meses. Porén, deberíamos intentar facer fronte á propaganda institucional sobre o eucalipto e **constatar publicamente, coa axuda da comunidade científica, o carácter obxectivamente invasor** e prexudicial para o medio ambiente do xénero *Eucalyptus*. E, no posible, achegando aos centros de ensino o noso posicionamento.

Paralelamente, está **aumentar o número de denuncias por plantacións ilegais que incumpren a lei de montes e a moratoria do eucalipto**, e que seguen chegando a ADEGA regularmente. Na maioría dos casos estase a substituír bosque autóctono por especies exóticas invasoras. Está pendente de publicación o inventario forestal de Galiza, sobre o que se pretende reformular o plan forestal galego, porén, aínda nada se sabe deste inventario. Por tanto, deberíamos establecer a estratexia a seguir coa denuncia de plantacións e marcarnos obxectivos que procuren unha maior eficacia e incidencia real, como optimizar a nosa acción de cara ás denuncias das grandes plantacións ilegais e facer seguimento das xa presentadas. Tamén recuperar o desenvolvemento de accións reparadoras in situ, como as accións de deseucaliptización.

Este ano, a administración pública tamén encetou unha campaña de descrédito e erradicación da figura das **comunidades de montes veciñais en man común**, ficando estes nunha grande ameaza.

Propostas:

- Revisar estratexia campaña denuncias plantacións ilegais cara a accións máis eficaces e de maior impacto.
- Promover campañas positivas arredor do bosque galego e deseucaliptizacións.
- Recuperar o contacto e a complicidade da comunidade científica para constatar o carácter invasor do eucalipto e a súa falsa contribución á mitigación de emisións.
- Apoiar a ILP da ORGACMM a prol da permanencia e revitalización das comunidades montes veciñais en man común.

3. RESIDUOS. PROMOCIÓN DA COMPOSTAXE E CAMPAÑA A PROL DE EXPERIENCIAS POSITIVAS

Contexto e perspectivas: Galiza segue á cola en recollida separada e reciclaxe no Estado, incumprindo actualmente os obxectivos para 2020 e **sen perspectivas de mellora** para poder cumprir coas expectativas de Europa en 2025 e 2030. A situación vese agravada polo **deterioro do funcionamento da planta do Barbanza**, acosada pola Xunta e pola desidia das autoridades locais. A mellora rexistrada en **Nostián nos últimos anos tamén parece que tocou teito** e entrouse nunha nova situación de conflito e falta de avances mesmo en relación aoroteiro establecido polas autoridades municipais da Coruña. As perspectivas de implantación do modelo de **5º contedor** en áreas do ámbito SOGAMA son pouco alentadoras, como xa se ven observando nos escasos concellos onde se levou a cabo. No plano positivo temos que citar os avances no concello de Allariz e no Plan Revitaliza da deputación de Pontevedra, cuxa situación actual sería necesario analizar.

Propostas:

- Denunciar a ineficiencia e alto custo ambiental do modelo SOGAMA e das instalacións de SOGAMA.

- Difundir e reclamar diante das institución responsables un modelo eficiente derecollida separada como o porta a porta (en particular, Consorcio das Mariñas eBarbanza...)
- Concienciar a favor da redución de residuos comunicando e adoptando estilos de vida sustentables e de residuo cero, en particular na compra e no consumo
- Facer seguimento e difusión/apoio de todas as experiencias positivas que teñan lugar no país, en particular nos ámbitos municipais (evolución de Allariz, Revitaliza, outro sconcellos, etc.)

4. EMERXENCIA AMBIENTAL GLOBAL

As crises agrarias e o aumento das pragas, a aparición de novas enfermidades, epidemias e pandemias (COVID e outrasmáis silenciadas), o avance da desertización e erosión do solo, a aparición e persistencia de centosde tóxicos e carcinó xenos na auga, no ar ou nos alimentos, a desaparición ou salanización deacuíferos, o aumento das secas, dos lumes, así comoa frecuencia e intensidade de alertas climáticas extremas. Son todas **consecuencias directas da Emerxencia Ambiental Global**. Ao par desa grande aceleración dos procesos de impacto ambiental, acudimo stamén á **perda dos dereitos básicos**, como a sanidade, a educación, a vivenda, alimentación ou augade calidade.

O benestar do noso pobo comeza por recuperar a nosa **soberanía** hídrica e alimentaria, continua por construírmos a nosa soberanía enerxética, e culmina por acadar a nosa plena soberanía económica e política. Compre abandonar o obxectivo do crecemento económico ilusoriamente infinito, nun planeta derecursos finitos. Substituír un modelo produtivo refén da especulación dos mercaderes e oligarcas, polo **desenvolvemento sostibel da nosa sociedade**, e o crecemento social e cultural das nosas poboacións.

En ocasións, dentro do marco do debate teórico no movemento ecoloxista, enfróntanse os conceptosdo desenvolvemento sustentábel e do decrecemento, valorándoos como termos antagónicos. Cando máis ben, na práctica, son conceptos obrigatoriamente complementarios e entrelazados. O **decrecemento demanda en primeiro lugar unha redución xeral dos niveis de consumo** e por tanto tamén dos niveis adquisitivos do conxunto da poboación dos países con máis renda per cápita. Unharedución que no plano interno se debe centrar nas capas sociais con maior renda (no noso ámbito, nonsó os “ricos” senón tamén das clases medias).

Propostas:

- Divulgación e pedagogía sobre emerxencia ambiental global Desenvolvemento Sustentábel-Decrecemeto (palestras, materiais, accións voluntariado, etc.).
 - Promover por parte do ecoloxismo galego o deseño do novo modelo enerxético e de políticas públicas acordes con ese modelo.
 - Promover outro modelo de mobilidade, renunciando á construción de novas megainfraestruturas de asfalto.
- Promover mediante accións de voluntariado a erradicación de EEI en espazos naturais.
 - Redacción de proxectos de recuperación de espazos naturais, tanto públicos, como privados ou mancomunados, cara o uso de especies autóctonas e “uso cero” de rego ou agroquímicos.
 - Instar á prohibición de importación de sementes, froitos, plantóns e crías de especies non autóctonas.

- Sector primario. Pular polo redeseño agrogandeiro, pesqueiro e ornamental de cara á soberanía alimentaria, produción ecoloxica e produto de km 0.

ADEGA

Marzo 2022